



CEP CAMPOLONGO
PONTEVEDRA

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro de
Escolas
Asociadas da
UNESCO

ÍNDICE:

| | |
|--|----|
| Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade..... | 7 |
| 1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax. | 7 |
| 1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención, no caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax..... | 7 |
| Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve. | 8 |
| 2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan. | 8 |
| 2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan. | 8 |
| 2.2.1 Datos do conxunto do Establecemento. | 8 |
| 2.2.2 Sectores de incendio. | 9 |
| 2.2.3 Superficies de cada planta ou sector. | 10 |
| 2.2.4 Vías de evacuación. | 12 |
| 2.3 Clasificación e descrición dos usuarios (30/09/2021). | 14 |
| 2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade. | 15 |
| 2.4.1 Datos da contorna. | 15 |
| 2.4.2 Usos de edificios lindeiros. | 15 |
| 2.4.3 Locais potencialmente perigosos da contorna. | 15 |
| 2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa. | 15 |
| 2.5.1 Accesos. | 15 |
| 2.5.2 Ancho das vías. | 16 |
| 2.5.3 Sentidos de circulación. | 16 |
| 2.5.4 Accesibilidade de vehículos pesados. | 16 |
| Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos. | 17 |
| 3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma. | 17 |
| 3.1.1 Instalacións propias do edificio. | 17 |
| 3.1.2 Laboratorios e Talleres | 18 |
| 3.2 Cadro de locais de risco especial segundo o C.T.E. | 18 |
| Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección..... | 19 |

| | |
|---|----|
| 4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias. | 19 |
| 4.1.1 Medios materiais: Instalacións de Protección..... | 19 |
| 4.1.2 Medios humanos do Establecemento..... | 21 |
| Capítulo 5. Programa de mantemento das instalacións. | 25 |
| 5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas. | 25 |
| 5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas. | 25 |
| 5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente. | 26 |
| Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias. | 27 |
| 6.1 Identificación e clasificación das emerxencias. | 27 |
| 6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias. | 28 |
| Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior. | 35 |
| 7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia. | 35 |
| 7.2 A coordinación entre a dirección do Plan de Autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Autoprotección..... | 35 |
| 7.3 As formas de colaboración da Organización de Autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil..... | 35 |
| Capítulo 8. Implantación do Plan de Autoprotección. | 37 |
| 8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan..... | 37 |
| 8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Autoprotección..... | 37 |
| 8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Autoprotección..... | 38 |
| 8.4 Programa de información xeral para os usuarios. | 38 |
| 8.5 Sinalización..... | 38 |
| 8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos..... | 38 |
| Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección..... | 39 |
| 9.1 Programa de reciclaxe de formación e información. | 39 |
| 9.2 Programa de substitución de medios e recursos. | 40 |
| 9.3 Programa de exercicios e simulacros. | 40 |

| | |
|---|----|
| 9.4 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Autoprotección..... | 41 |
| 9.5 Programa de auditorías e inspeccións. | 41 |
| ANEXO I. DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN. | 44 |
| Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias..... | 46 |
| ALARMA E ALERTA | 61 |
| INTERVENCIÓN..... | 62 |
| APOIO | 63 |
| Anexo III. Accións a emprender no caso dunha emerxencia individual | 64 |
| PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:..... | 66 |
| Anexo IV. Accións a emprender no caso dunha evacuación..... | 67 |
| EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN:..... | 67 |
| EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN: | 67 |
| XEFE DE INTERVENCIÓN: | 68 |
| INSTRUCCIÓNs de EVACUACIÓN | 68 |
| PROHIBICIÓNS durante a evacuación..... | 68 |
| NORMAS XERAIS | 69 |
| Anexo V. Accións a emprender no caso dun confinamento | 71 |
| Anexo VI. Planos. | 72 |



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro de
Escolas
Asociadas da
UNESCO

Capítulo 1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.

1.1 Dirección Postal do emprazamento da actividade. Teléfono e Fax.

| | |
|--------------------|--|
| Denominación | CEP CAMPOLONGO |
| Dirección postal | 36001 |
| Localidade | PONTEVEDRA |
| Teléfonos | Dirección: XENERAL RUBÍN Nº 3 Secretaría: 886 15 15 13, conserxería: 886 15 15 14, dirección: 886 15 15 15, xefatura: 886 15 15 16, orientación: 886 15 15 17, sala de profesores: 886 15 15 19 |
| Fax | 886 15 15 18 |
| Correo electrónico | ceip.campolongo@edu.xunta.es |

1.2 Nome do Xefe de Emerxencias e o de Xefe de Intervención, no caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

| | |
|---------------------|---|
| Xefe de Emerxencias | Cargo directivo de máis grao presente no centro |
|---------------------|---|

| | |
|----------------------|--|
| Xefe de intervención | 2º cargo directivo de máis grao presente no centro |
|----------------------|--|

Equipo Directivo actual:

Directora: D.ª Silvia A. Ruano Portela.

Dirección postal: C/Paseo de Colón, 22 3ºD, CP 36003 Pontevedra.

Teléfono fixo: 886 15 15 15, teléfono móbil: 616 49 39 74.

Xefe de estudos: D. Sergio Otero García.

Dirección postal: C/ Altamira, 20, CP 36001 Pontevedra.

Teléfono fixo: 886 15 15 16, teléfono móbil: 678 59 15 40.

Secretaría: D.ª Mª Paz Vereá Argibay.

Dirección postal: rúa: Palamios, 21-B 5º X, CP 36001 Pontevedra.

Teléfono fixo: 886 15 15 13, teléfono móbil: 660 29 75 21.

Capítulo 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.

2.1 Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do Plan.

| | |
|----------------------|--------------------|
| ACTIVIDADE PRINCIPAL | USO DOCENTE |
| NIVEIS EDUCATIVOS | EDUCACIÓN PRIMARIA |

2.2 Descrición do centro ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.

2.2.1 Datos do conxunto do Establecemento.

O CEP CAMPOLONGO conta cun edificio onde se desenvolve a súa actividade docente, dun comedor escolar, dun pavillón polideportivo, e un almacén que era a antiga casa do conserxe. Ditas edificacións están construídas na cidade de Pontevedra.

Descrición das zonas edificadas:

O Centro está na rúa Xeneral Rubín no número tres na cidade de Pontevedra.

Edificio Principal: É a edificación mais grande e en onde desenrólase as actividades docentes da maioría dos alumnos, nel están as aulas de Primaria, as de Informática, o Salón de Actos, a Biblioteca...

O comedor: É a edificación onde antigamente estaban as aulas de Educación Infantil.

Pavillón de Deportes: Onde desenvólvense as clases de Educación Física.

Almacén exterior: Antiga vivenda do conserxe

Pistas Polideportivas: Exteriores.

Zona de aparcamento: De uso para o profesorado e servizos.

LIMITA:

O NORTE: Cunha zona edificada e coa Praza de Galicia (parada de autobuses urbanos)

O SUR: Cunha zona de Parques por onde discorre cuberto o río Gafos (paseo de Valle Inclán) e o Colexio de Educación Infantil Concepción Crespo Rivas.

O ESTE: Co Parque da Constitución e as Piscinas Municipais de Campolongo.

O OESTE: Coa rúa Xeneral Rubín.

| Edificio | Uso | Superficie | Situación |
|----------|--------------------------|------------------------|-----------|
| A | DOCENTE E. PRIMARIA | 2273,36 m ² | NORTE |
| B | COMEDOR | 217,5 m ² | OESTE |
| C | ALMACÉN | 212,46 m ² | OESTE |
| D | DOCENTE Educación Física | 664,29 m ² | ESTE |

Características estruturais:

Todos os edificios están construídos en obra de ladrillo cara vista na parte exterior, con forxado superior en formigón e bloques do mesmo material e con estrutura das divisións interiores de fábrica de ladrillo de dobre burato, e algunhas divisións feitas en Pladur.

2.2.2 Sectores de incendio.

No edificio A soamente está sectorizada a caldeira o resto do edificio e un único sector.

No edificio B soamente hai un sector.

No edificio C hai un sector que é a caldeira que proporciona a calefacción ao comedor e ao almacén, e un segundo sector que é o almacén.

No edificio D soamente hai un sector.

2.2.3 Superficies de cada planta ou sector.

Sector 1, edificio A:

| Planta – Zona | Actividade | Superficie en m ² | Ocupación |
|------------------------|----------------|------------------------------|----------------------|
| Baixa - aseos | CALQUERA | 62,55 m ² | 21 |
| Baixa - aulas | DOCENTE | 696,45 m ² | 464 |
| Baixa - biblioteca | DOCENTE | 115,17 m ² | 76 |
| Baixa – aula multiusos | DOCENTE | 195,51 m ² | 195 |
| Baixa - administración | ADMINISTRATIVA | 399,35 m ² | 72 |
| Baixa - Titorías | DOCENTE | 60,22 m ² | 40 |
| Baixa - almacén | ALMACEN | 29,92 m ² | NULA |
| Alta - aulas | DOCENTE | 917,91 m ² | 610 |
| Alta - aseos | CALQUERA | 44,28 m ² | 14 |
| Alta - Titorías | DOCENTE | 19,95 m ² | 13 |
| Alta - almacén | ALMACÉN | 23,16 m ² | NULA |
| | Totais: | 2564,47 m² | 1505 usuarios |

Sector 2, edificio A:

| Planta – Zona | Actividade | Superficie en m ² | Ocupación |
|------------------|-------------------------|------------------------------|-------------|
| Baixa – caldeira | CALDEIRA DE CALEFACCIÓN | 29,64 m ² | Nula |
| | Totais: | 29,64 m² | Nula |

Sector 1, edificio B:

| Planta – Zona | Actividade | Superficie en m ² | Ocupación |
|-------------------------|----------------|------------------------------|---------------------|
| Baixa – recibidor/aseos | CALQUERA | 34,5 m ² | 15 |
| Baixa – comedor | COMEDOR | 185 m ² | 123 |
| | Totais: | 217,5 m² | 138 usuarios |

Sector 1, edificio C:

| Planta – Zona | Actividade | Superficie en m ² | Ocupación |
|-----------------|----------------|------------------------------|--------------------|
| Baixa – almacén | ALMACÉN | 199,5 m ² | 10 |
| | Totais: | 199,5 m² | 10 usuarios |

Sector 2, edificio C:

| Planta – Zona | Actividade | Superficie en m ² | Ocupación |
|------------------|-------------------------|------------------------------|-------------|
| Baixa – caldeira | CALDEIRA DE CALEFACCIÓN | 12,96 m ² | Nula |
| | Totais: | 12,96 m² | Nula |

Sector 1, edificio D:

| Planta – Zona | Actividade | Superficie en m ² | Ocupación |
|------------------|----------------|------------------------------|--------------------|
| Baixa – aseos | CALQUERA | 89,1 m ² | 30 |
| Baixa – titorías | DOCENTE | 20,25 m ² | 14 |
| Baixa - almacén | ALMACÉN | 7,62 m ² | Nula |
| Baixa - ximnasio | DOCENTE | 247,23 m ² | 50 docente |
| | Totais: | 364,2 m² | 84 usuarios |

2.2.4 Vías de evacuación.

Edificio A

Vías de Evacuación Horizontais

| Características | Corredor 1 zona administrativa | Corredor 2 Exposicións | Corredor 3 1º ciclo norte | Corredor 4 1º ciclo sur |
|----------------------------|-----------------------------------|---------------------------|------------------------------|----------------------------|
| Situación | Baixo | Baixo | Baixo | Baixo |
| Clasificación | Principal | Principal | Principal | Principal |
| Lonxitude | 6,8 m. | 29,6 m. | 9,30 m. | 9,30 m. |
| Anchura vías | 1,41 m. | 5,80 m. | 2,20 m. | 2,20 m. |
| Alumeado de emerxencia | Si | Si | Si | Si |
| Sinalización de emerxencia | Si | Si | Si | Si |

| Características | Corredor 5 Escaleiras norte | Corredor 6 Escaleiras sur | Corredor 7 Aula música | Corredor 8 Aula multiusos |
|----------------------------|--------------------------------|------------------------------|---------------------------|------------------------------|
| Situación | Baixo | Baixo | Baixo | Baixo |
| Clasificación | Principal | Principal | Principal | Principal |
| Lonxitude | 8,40 m. | 8,40 m. | 13,80 m. | 7,40 m. |
| Anchura vías | 3,60 m. | 3,60 m. | 1,54 m. | 2,10 m. |
| Alumeado de emerxencia | Non | Non | Si | Si |
| Sinalización de emerxencia | Si | Si | Si | Si |

| Características | Corredor 9 3º ciclo oeste | Corredor 10 Laboratorio | Corredor 11 Escaleiras |
|----------------------------|------------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Situación | 1º Andar | 1º Andar | 1º Andar |
| Clasificación | Principal | Principal | Principal |
| Lonxitude | 24,20 m. | 11,2 m. | 27,80 m. |
| Anchura vías | 2,50 m. | 3,20 m. | 2,20 m. |
| Alumeado de emerxencia | Si | Si | Non |
| Sinalización de emerxencia | Si | Si | Si |

| Características | Corredor 12 2º ciclo almacén | Corredor 13 2º ciclo titorías |
|----------------------------|---------------------------------|----------------------------------|
| Situación | 1º Andar | 1º Andar |
| Clasificación | Principal | Principal |
| Lonxitude | 8,40 m. | 24,20 m. |
| Anchura vías | 1,60 m. | 2,20 m. |
| Alumeado de emerxencia | Si | Si |
| Sinalización de emerxencia | Si | Si |

Vías de Evacuación Verticais

| Características | Escaleira 1 (vai cara ao norte) | Escaleira 2 |
|----------------------------|---------------------------------|-------------------------|
| Situación | Planta baixa – 1º andar | Planta baixa – 1º andar |
| Clasificación | Principal | Principal |
| Tipo | Pechada | Pechada |
| Lonxitude | 8,23 metros | 8,23 metros |
| Anchura vías | 1,48 metros | 1,35 metros |
| Posúe descansos | Si | Si |
| Alumeado de emerxencia | Non | Non |
| Sinalización de emerxencia | Si | Si |

Edificio B

Vías de Evacuación Horizontais

| Características | Corredor 14 |
|----------------------------|-------------|
| Situación | Baixo |
| Clasificación | Principal |
| Lonxitude | 6,50 m. |
| Anchura vías | 2,50 m. |
| Alumeado de emerxencia | Si |
| Sinalización de emerxencia | Si |

Edificio C

Almacén, antiga vivenda do conserxe.

Ten un corredor como o de calquera vivenda

Edificio D

Vías de Evacuación Horizontais

| Características | Corredor 15 |
|----------------------------|-------------|
| Situación | Baixo |
| Clasificación | Principal |
| Lonxitude | 10,50 m. |
| Anchura vías | 1,80 m. |
| Alumeado de emerxencia | Si |
| Sinalización de emerxencia | Si |

2.3 Clasificación e descrición dos usuarios (30/09/2021).

Profesorado : 33.

Coidadoras: 2.

Persoal administrativo: 1.

Conserxe: 1.

Alumnado: 448

| Nº alumnado matriculado por nivel e grupo | | | |
|---|-------|--------------|------------|
| CEP CAMPOLONGO 2021/2022 | | | |
| ENSINO | NIVEL | GRUPO | TOTAL |
| EDUCACIÓN PRIMARIA | 1º | A | 25 |
| | | B | 25 |
| | | C | 25 |
| | | TOTAL | 75 |
| | 2º | A | 25 |
| | | B | 25 |
| | | C | 25 |
| | | TOTAL | 75 |
| | 3º | A | 20 |
| | | B | 20 |
| | | C | 20 |
| | | D | 17 |
| | | TOTAL | 77 |
| | 4º | A | 25 |
| | | B | 25 |
| | | C | 25 |
| | | TOTAL | 75 |
| | 5º | A | 24 |
| | | B | 23 |
| | | C | 24 |
| | | TOTAL | 71 |
| | 6º | A | 25 |
| | | B | 25 |
| | | C | 25 |
| TOTAL | | 75 | |
| TOTAL CENTRO: | | | 448 |

2.4 Descrición da contorna urbana, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

2.4.1 Datos da contorna.

Establecemento situado en contorna urbano

2.4.2 Usos de edificios lindeiros.

| Edificio | Situación | Uso principal | Outros datos |
|----------|-----------|-----------------------------|---------------------|
| 1 | OESTE | APARCADOIRO E PRAZA PÚBLICA | APARCADOIRO PÚBLICO |
| 2 | NOROESTE | VIVENDAS | USO PRIVADO |
| 3 | NORTE | VIVENDAS | USO PRIVADO |
| 4 | LESTE | PISCINA PÚBLICA | USO PÚBLICO |
| 5 | SUESTE | DOCENTE | EEI CRESPO RIVAS |
| 6 | SUROESTE | DOCENTE | GARDERÍA DA XUNTA |

2.4.3 Locais potencialmente perigosos da contorna.

Descoñecidos.

2.5 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a axuda externa.

2.5.1 Accesos.

O establecemento atópase situado na rúa: Xeneral rubín no número 3

Tamén ten fachadas á: Praza de Galicia, e ao Paseo de Valle Inclán que forma parte do Parque de Campolongo ao que tamén ten fachada.

Os accesos para peóns son:

- PRINCIPAL polo Paseo de Valle Inclán que forma parte do Parque de Campolongo.

| | | |
|--|---|--|
|  XUNTA DE GALICIA | COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18 |  Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura Membro de  Escolas Asociadas da UNESCO |
|--|---|--|

- SECUNDARIOS pola Praza de Galicia e a rúa Xeneral Rubín.

Os accesos para vehículos son:

- PRINCIPAL pola rúa Xeneral Rubín
- SECUNDARIOS polo Paseo de Valle Inclán que forma parte do Parque de Campolongo.

2.5.2 Ancho das vías.

O ancho da calzada da rúa Xeneral Rubín é de 6 metros, existindo unha beirarrúa de 3 metros a cada lado.

O ancho da calzada do Paseo de Valle Inclán (Parque de Campolongo) é de 15,10 metros (é posible que a carga que soporte o paseo sobre o río Gafos sexa limitada), ao ser parque non se diferencia entre calzada e beirarrúa.

2.5.3 Sentidos de circulación.

O sentido de circulación das dúas vías de circulación é dobre.

2.5.4 Accesibilidade de vehículos pesados.

Para o acceso dos vehículos pesados, o establecemento ten accesibilidade pola rúa Xeneral Rubín sen problemas.

Polo Paseo de Valle Inclán (Parque de Campolongo) non poden entrar xa que posiblemente a cuberta do río non soportaría o peso dos vehículos pesados.

Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.

3.1 Descrición e localización dos elementos, instalacións, procesos, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.

3.1.1 Instalacións propias do edificio.

3.1.1.1 Electricidade.

Instalación eléctrica:

| | |
|-----------------------------------|---|
| Fonte de subministro | Naturgy |
| Potencia xerada ou contratada | 13200 Kw/h |
| Situación do cadro xeral | Pequeno almacén na aula de informática |
| Situación dos cadros das zonas | Na aula de informática |
| | No corredor de acceso a dirección no edificio A |
| | Na aula de inglés informatizada |
| | Ao carón da porta da aula de inglés informatizada |
| | Ao carón da escaleira no 1º andar do edificio A |
| | Na sala de caldeiras no edificio A |
| | Na aula multiusos no edificio A |
| | No comedor no edificio B |
| | Na sala de caldeiras no edificio C |
| | Na entrada do edificio C |
| Na porta da entrada no edificio D | |

3.1.1.2 Gas.

Non existe instalación de gas.

3.1.1.3 Aire acondicionado.

Non existe instalación de aire acondicionado.

3.1.1.4 Calefacción.

Caldeira do edificio A

| | |
|---------------------|--------------------------------|
| Tipo de combustible | GASOLEO |
| SITUACIÓN | ZONA NORTE |
| POTENCIA | UTIL 296,5 KW NOMINAL 334,3 KW |

Caldeira do edificio C:

| | |
|---------------------|------------|
| Tipo de combustible | GASOLEO |
| SITUACIÓN | ZONA OESTE |
| POTENCIA | 35,6 KW |

Deposito de almacenamento de combustible:

| | |
|---------------------|---------------|
| Tipo de combustible | GASOLEO |
| Uso | CALEFACIÓ |
| Tanque | ENTERRADO |
| Capacidade | 20.000 litros |
| Situación | ZONA NORTE |

3.1.2 Laboratorios e Talleres

Non existen talleres.

3.2 Cadro de locais de risco especial segundo o C.T.E.

| Local | Nivel de risco | Situación |
|--------|----------------|-------------------------|
| COCIÑA | Medio | PLANTA BAIXA EDIFICIO B |

Capítulo 4. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.

4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.

4.1.1 Medios materiais: Instalacións de Protección.

4.1.1.1 Detección automática.

O edificio non conta con detectores.

4.1.1.2 Instalación de alarma.

Excepto o edificio C (almacén) todos os edificios dispoñen de botóns de alarmas de incendio.

No caso de alarma pulsaremos uns dos botóns e fará que se activen as sereas de alarma de incendios e roubo comunicándolle a central de alarmas a emerxencia.

Para deter as sereas debemos activar o teclado da central de incendios seguindo as instrucións que están nela e proceder a teclear a contrasinal da alarma de roubo na central da alarma

4.1.1.3 Instalacións fixas de extinción.

Existe un HIDRANTE no exterior na rúa Xeneral Rubín a altura da entrada principal do Centro.

4.1.1.4 Bocas de Incendio Equipadas.

Non temos bocas de incendio equipadas.

4.1.1.5 Extintores.

| Nº | Axente extintor | Eficacia | Nº de placa | Localización |
|----|-------------------|------------|-------------|--|
| 1 | Po A B C | 21A 113B C | 0786694 | Comedor. Edificio B |
| 2 | Po A B C | 21A 113B C | 2088351 | Caldeira calefacción Comedor |
| 3 | Po A B C | 21A 113B C | 0786667 | Casa Conserxe. Edificio C |
| 4 | Po A B C | 27A 183B C | 04537 | Conserxería. Edificio A |
| 5 | Po A B C | 27A 183B C | 3731102 | Corredor 6. Edificio A |
| 6 | Po A B C | 21A 113B C | 0808129 | Corredor 2 zona acuario. Edificio A |
| 7 | Po A B C | 27A 183B C | 3731103 | Usos múltiples. Edificio A |
| 8 | CO2 | 34B | 0397293 | Corredor caldeira. Edificio A |
| 9 | Po A B C | 27A 183B C | 04255 | Corredor interno caldeira. Edificio A |
| 10 | Po A B C | 21A 113B C | 2089854 | Corredor interno caldeira. Edificio A |
| 11 | Po ABC automático | 183B | 03448 | Caldeira. Edificio A |
| 12 | Po A B C | 183B | 04033 | Enfronte ao laboratorio. Edificio A |
| 13 | CO2 | 34 B | 241231 | Entrada da aula de informática. Edificio A |
| 14 | Po A B C | 21A 113B C | 0786687 | Corredor entrada 4º. Edificio A |
| 15 | Po A B C | 21A 113B C | 0808341 | Entrada Ximnasio. Edificio D |
| 16 | Po A B C | 21A 183B C | 3731107 | Final escaleira 2. Edificio A |
| 17 | Po A B C | 183B | 04962 | Entrada corredor dos 5º. Edificio A |
| 18 | Po A B C | 27A 183B C | 04956 | Entrada Biblioteca. Edificio A |
| 19 | CO2 Elctr | 34B | | Cadros eléctricos. Edificio A |

Seguindo o criterio do sentido común, a localización de extintores farase:

- Próximos aos lugares de risco.
- Nas entradas ou saídas dos recintos de risco.
- Con fácil visibilidade.
- Con fácil acceso (a parte superior do extintor NON debe estar a máis de 1'70 m do chan).
- Protexidos dos ambientes agresivos.

4.1.1.6 Iluminación de emerxencia.

Dotación

O colexio ten iluminación de emerxencia.

Posición e características das luminarias

Co fin de proporcionar unha iluminación adecuada as luminarias cumprirán as seguintes condicións:

- a) Situaranse polo menos a 2 m por encima do nivel do chan;
- b) Disporase unha en cada porta de saída e en posicións nas que sexa necesario destacar un perigo potencial ou o emprazamento dun equipo de seguridade. Como mínimo disporanse nos seguintes puntos:
 - Nas portas existentes nos percorridos de evacuación.
 - Nas escaleiras, de modo que cada tramo de escaleiras reciba iluminación directa.
 - En calquera outro cambio de nivel.
 - Nos cambios de dirección e nas interseccións de corredores.

Características da instalación

A instalación é fixa, e está provista de fonte propia de enerxía e entra automaticamente en funcionamento ao producirse un fallo de alimentación na instalación de iluminación normal nas zonas cubertas pola iluminación de emerxencia. Considérase como fallo de alimentación o descenso da tensión de alimentación por baixo do 70 % do seu valor nominal.

Iluminación dos sinais de seguridade

A sinais de seguridade son fluorescentes cumprindo todas a norma UNE 23035.

4.1.2 Medios humanos do Establecemento.

As persoas que participan na emerxencia constitúen a Brigada de Emerxencias e está formada por:

- Xunta de autoprotección escolar
- Xefe de Emerxencias: **X.E.**
- Xefe de Intervención: **X.I.**
- Equipo de Alarma e Evacuación: **E.A.E.**
- Equipo de Primeiros Auxilios: **E.P.A.**
- Equipo de Primeira Intervención: **E.P.I.**

4.1.2.1 Xunta de Autoprotección Escolar

Está composto por:

- A Dirección.
- Representantes dos distintos colectivos que compoñen o Consello escolar

As súas funcións fundamentais son:

- Programar as actividades necesarias para crear unha política de prevención no establecemento.
- Avaliar e analizar a programación prevista, incluídos os simulacros.

| XUNTA DE AUTOPROTECCION | NOME E APELIDOS |
|---|---|
| DIRECTOR DO CENTRO | D.ª Silvia A. Ruano Portela |
| REPRESENTANTE DOCENTES | D. Sergio Otero García/ Jesús García Liñeira/ Juan Chapel González |
| REPRESENTANTE ANPA | D.ª. Marta Pugna Arangüena D. Ignacio Diz Gómez |
| REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE | D. Jaime Pazos Baltasar |

4.1.2.2 Xefe de Emerxencias (X.E.).

É a persoa encargada pola Dirección para resolver as emerxencias.

No plan de autoprotección ten as seguintes funcións:

- Programa de Mantemento das instalacións.
- Programa de Formación da Brigada.
- Investigación das emerxencias.
- Implantación do Plan.
- Recepción das Alarmas.
- Declaración do tipo de Emerxencia.
- Revisión e actualización do plan.
- Supervisión dos exercicios de evacuación e das prácticas da Brigada.
- Recepción dos partes de incidencias.
- Recepción e información a Axudas Exteriores.

| |
|---------------------------|
| XEFE DE EMERXENCIA |
|---------------------------|

| |
|-------------------------------------|
| Cargo directivo presente no centro. |
|-------------------------------------|

4.1.2.3 Xefe de Intervención (X.I.).

É o coordinador dos equipos que interveñen na resolución da emerxencia.

As súas funcións son:

- Coordinación dos equipos que interveñen na resolución das emerxencias.
- Dirección das prácticas de extinción e de primeiros auxilios que realice a Brigada de emerxencias.
- Substitución do Xefe de Emerxencias.
- Colaboración co Xefe de Emerxencias na formación da Brigada.

| |
|-----------------------------|
| XEFE DE INTERVENCIÓN |
|-----------------------------|

| |
|---|
| Segundo cargo directivo presente no centro. |
|---|

| |
|-----------------|
| SUPLENTE |
|-----------------|

| |
|--|
| Terceiro cargo directivo presente no centro. |
|--|

4.1.2.4 Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.).

É o equipo que dá a alarma no seu sector e o evacúa.

As misións do **xefe de zona** son:

- Dar a alarma na súa zona ou sector.
- Dirixe o fluxo de evacuación.
- Controlar aos evacuados nos Puntos de Reunión.
- Informar ao Xefe de Intervención das incidencias.

A misión do **supervisor** é:

- Comproba que a súa zona está baleira.
- Colaborar co xefe de zona no control dos evacuados nos Puntos de Reunión.

| EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN | |
|---|--------------------------------------|
| Xefe de zona | Supervisor |
| Profesor presente na aula número 19. Suplente aula número 15. | Profesor presente na aula número 18 |
| Profesor presente na aula número 20. Suplente aula número 24. | Profesor presente na aula número 22. |
| Profesor presente na aula número 13. Suplente aula número 14. | Profesor presente na aula número 10. |
| Profesor presente na aula número 12. Suplente aula número 11. | Profesor presente na aula número 7. |
| Profesor presente na aula número 4. Suplente aula número 5. | Profesor presente na aula número 5. |
| Profesor presente na aula número 6 (música). Suplente aula número 2. | Profesor presente na aula número 2. |
| Monitor o profesor presente no edificio do comedor | |
| Profesor de educación física presente na zona do ximnasio | |
| Na zona administrativa o encargado do control da zona é o Xefe de Emerxencias | |

4.1.2.5 Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.).

É o equipo que dá atención sanitaria primaria ata a chegada do persoal sanitario especializado.

As súas misións son:

- Prestar Primeiros Auxilios aos accidentados ata a chegada do Persoal Sanitario Especializado.
- Axudar na Evacuación dos feridos baixo a Dirección do Persoal Sanitario.

| EQUIPO PRIMEIROS AUXILIOS |
|----------------------------------|
| 1º Profesor de garda |
| 2º Profesor de garda |
| 3º Profesor de garda |
| Conserxe |

4.1.2.6 Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.).

É o equipo que actúa contra a emerxencia no primeiro momento tentando solucionar o problema.

Realizarase un cuadrante que recolla ao persoal adscrito á Brigada de Emerxencias

| EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN |
|--|
| 1º Profesor de garda |
| 2º Profesor de garda |
| 3º Profesor de garda |

Conserxe

Consultar o anexo I para ver as gardas do persoal.

Capítulo 5. Programa de mantemento das instalacións.

5.1 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o control das mesmas.

O mantemento das instalacións propias realizarase conforme establece a normativa vixente nas datas que hai que establecer no Plan.

Todas as instalacións teñen unha regulamentación específica e no Plan hai que establecer o control do mantemento das instalacións e, ademais, deixar constancia documental das revisións que se efectúen.

Hai que revisar e manter:

- A instalación eléctrica.
- A instalación de calefacción incluíndo a caldeira, o combustible da mesma, as conducións, etc.
- O sistema de comunicacións que se teña implantado no establecemento, aparellos, equipos, bases, etc.

| Instalación | Periodicidade |
|---------------|------------------------------------|
| Electricidade | Encárgase o Concello de Pontevedra |
| Calefacción | Encárgase o Concello de Pontevedra |

5.2 Descrición do mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a operatividade das mesmas.

O mantemento das instalacións de Protección realizarase conforme establece a normativa vixente, (na actualidade o R.D.1942/1993 e a Orde de 16/04/1998) nas seguintes datas:

Na segunda semana do mes de marzo e na segunda semana do mes de setembro.

A Iluminación de emerxencia e a Sinalización considéranse tamén como instalacións de protección e deberán revisarse nuns períodos prudentes que se consideran cada seis meses

Á iluminación de emerxencia realizaráselle unha proba de funcionamento.

A sinalización comprobarase que está visible e que está no lugar adecuado.

Mantemento dos extintores

- 1.- Operacións a realizar polo persoal dunha empresa mantedora autorizada, ou ben, polo persoal usuario ou titular da instalación:
 - a) Cada tres meses (última revisión 13/5/2022):
 - 1.- Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de observación.
 - 2.- Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc.
 - 3.- Comprobación do peso e presión no seu caso.
 - 4.- Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas.

- 2.- Operacións a realizar polo persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo ou sistema ou polo persoal da empresa mantedora autorizada:
 - a) Cada ano:
 - 1.- Comprobación do peso e presión no seu caso.
 - 2.- No caso de extintores de po con botella de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo da botella.
 - 3.- Inspección ocular do estado das partes mecánicas.
 - b) Cada cinco anos:
 - 1.- A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase a volver a timbrar o mesmo de acordo coa ITC MIE AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendios.

Mantemento das BIE

Non hai no Centro.

5.3 Realización das inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente.

Na Secretaría do centro estará gardado o libro de rexistro das operacións de mantemento por parte das empresas contratadas polo Concello de Pontevedra para o mantemento dos seguintes equipos ou sistemas:

- Caldeiras de calefacción.
- Instalación eléctrica.
- Sistema de alarma contraincendios e de roubo.

- Mantemento dos extintores.

Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias.

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias.

Seguindo os criterios establecidos en plans de Protección Civil, establécense os seguintes tipos de emerxencia:

- Preemerxencia
- Emerxencia parcial
- Emerxencia xeral

En cada establecemento ou actividade, os momentos de cada un destes tipos de emerxencia variará, e é labor do redactor do Plan, determinar cando se pasa dun tipo de emerxencia a outro.

En función do tipo de risco, atopamos os seguintes tipos de emerxencias:

1. Riscos Naturais.

Risco de inundacións.

- A preemerxencia comezará cando o servizo de Protección Civil que corresponda declare a situación de alerta.
- Non existe emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a inundación.

Risco sísmico.

- Non existe preemerxencia nin emerxencia parcial xa que este fenómeno non é posible anticipar que vaia a ocorrer.
- A emerxencia xeral é sempre a terremoto pasado, e tomaranse medidas reparadoras.

Riscos meteorolóxicos (ou climáticos).

- A preemerxencia comezará cando o servizo de Protección Civil declare a situación de alerta.
- Non adoita existir emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a previsión meteorolóxica, (calor, vento, choiva,...).

2. Riscos Tecnolóxicos.

Riscos industriais.

- A preemerxencia sobrevirá despois de calquera incidente que non poida ser controlado.
- A emerxencia parcial dependerá da evolución da preemerxencia e da configuración do establecemento.
- A falta de control da emerxencia nun lugar determinado levará á emerxencia xeral.

Riscos en TMP

Debe considerarse o risco debido a proximidade a unha ruta de TMP (Transportes Materiais perigosos).

3. Riscos Antrópicos.

Risco de incendio.

- A preemerxencia son todos os conatos de incendio.
- A emerxencia parcial prodúcese si non se domina o conato e existen sectores ou edificios diferenciados.
- A emerxencia xeral iníciase cando o incendio excede do sector ou edificio onde se produciu o conato inicial.

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias.

a) Detección e Alerta.

A **ALERTA** consiste en avisar á Brigada de Emerxencias para mobilizala. No anexo III da NBA defínese como: *Situación declarada co fin de tomar precaucións específicas debido á probable e próxima ocorrencia dun suceso ou accidente.*

Para os casos de emerxencias por causas naturais, é a comunicación á poboación da situación de preemerxencia. Nestes casos, a Brigada de Emerxencias debe estar previda para unha actuación inmediata.

O sistema de detección da emerxencia será:

- Sistemas da Administración para anticipar os posibles fenómenos naturais.
- Detección automática para incendios, escapes, etc.
- Detección humana no resto dos casos.

A alerta transmitirase por medios técnicos sempre que sexa posible. Poden utilizarse:

- Medios de comunicación.
- Timbres.

- Sirenas.
- Megafonía.

b) Mecanismos de Alarma.

A ALARMA é a comunicación da emerxencia a todos os usuarios do establecemento e, por conseguinte, a orde de evacuación dunha zona ou sector. No anexo *III da *NBA defínese como: *Aviso ou sinal pola que se informa ás persoas para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia.*

A alarma transmitirase por medios técnicos ou polo persoal do Equipo de Alarma e Evacuación.

No caso que a emerxencia fora parcial o aviso sería dado por voz polo responsable da zona.

Se a emerxencia fora xeral, a alarma sería dada por medio do sistema de alarma e evacuación, existindo botóns de alarma en distintos puntos do Centro:

- No ximnasio
- No Edificio B, o comedor.
- Na entrada da conserxería
- Na entrada do acuario.
- Diante da Biblioteca, aula número 2.
- Na aula multiusos ao lado da porta de acceso exterior.
- Ao final das escaleiras de subida ao 1 andar, diante da aula número 23.
- Ao lado da porta da aula número 27, no 1 andar.

Ver os planos de situación no anexo VI.

Sinales:

Se a alarma é accionada nos botóns de emerxencia o son e continuo ata que sexa desactivado na Conserxería (débase desactivar a alarma de incendio e a alarma de roubo coa contrasinal correspondente).

Se a alarma é por confinamento será activada coas sereas que están na aula número 4 e na conserxería.

Como medios alternativos utilizaríanse o megáfono ou o aviso porta a porta.

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

Cando se fala de avisos, tamén se teñen dous significados:

| | | |
|--|---|--|
|  XUNTA DE GALICIA | COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18 |  Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura Membro de  Escolas Asociadas da UNESCO |
|--|---|--|

- Aviso aos traballadores e alumnos do centro de traballo.
- Aviso ás Axudas Exteriores.

O aviso aos traballadores e/ou usuarios realizarase por medios técnicos, que serán postos en funcionamento polo Centro de Control por orde do Xefe de Emerxencias.

Si non existen medios técnicos, farase polo Equipo de Alarma e evacuación cando o ordene o Xefe de Emerxencias.

O aviso ás Axudas Exteriores farase por vía telefónica desde o Centro de Control cando o ordene o Xefe de Emerxencias.

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

O Centro de Coordinación de Emerxencias do establecemento vai ser o Centro de Control, estará na **CONSERXERÍA**.

Está **PROHIBIDO** efectuar chamadas ao C.C. para solicitar información. Hai que evitar que a Central se bloquee.

As instrucións para a persoa que está na central son:

Situación de NORMALIDADE:

- Manter actualizado o directorio de teléfonos de emerxencia.
- Ter sempre en lugar visible devandito directorio.

Situación de EMERXENCIA:

- Efectuar as chamadas de emerxencia segundo a orde establecida:
 - No caso de que un alumno non se atope ben se chamará ao familiar de contacto.
 - Se o alumno sofre unha enfermidade grave o un accidente grave a primeira chamada será ao 112 e despois os familiares de contacto.
 - No caso de calquera outro incidente (incendio, inundación,...) se chamará sempre ao 112 que coordinará en todo momento as axudas que sexan precisas.
- Seguir as instrucións do Xefe de Emerxencias.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

Os medios técnicos de funcionamento automático ante as emerxencias, deberán funcionar automaticamente.

Os usuarios e traballadores que non pertencen á Brigada de Emerxencias, seguirán as instrucións que lles transmita o Equipo de Alarma e Evacuación.

O persoal adscrito á Brigada de Emerxencias cumprirá as tarefas asignadas ao Equipo en que estean integrados, segundo o tipo de emerxencia.

d) Evacuación e/ou Confinamento.

Nunha evacuación, real ou simulada, os membros do E.A.E. serán os encargados de comprobar a ausencia de persoas na súa zona, e informarán ao Xefe de Intervención ou ao Xefe de Emerxencia.

Dada a orde de evacuación, os ocupantes dirixiranse inmediatamente á saída asignada a súa zona e unha vez no exterior dirixirase ao lugar de reunión.

Fora do horario lectivo os usuarios das instalacións dirixiranse á saída asignada a súa zona, e unha vez no exterior irán aos puntos de reunión colocándose a partir do punto designado como 1ªA.

No caso de confinamento (normalmente por motivo dunha inundación) o persoal e os alumnos permanecerán na aula onde están, coas portas e as fiestras pechadas, á espera de ordes. Se o confinamento fora por motivo de atopar obstáculos na vía de escape (Fume, lume, ...) volverán á aula e sinalizarán pola fiestra a súa presenza.

INSTRUCCIÓNS de EVACUACIÓN

1. Manter a calma.
2. Comezar a evacuación cando se de o sinal de alarma.
3. Obedecer instrucións do E.A.E.
4. Evacuar a zona en orde, sempre as aulas mais próximas as escaleiras no primeiro lugar e as plantas inferiores antes das superiores.
5. Realizar a evacuación en silencio.
6. Si a vía de evacuación está chea de fume, selar o acceso e esperar as axudas exteriores.
7. Si cando soa o sinal de evacuación non se está no seu lugar habitual, deberase unir ao primeiro grupo que se vexa e dar conta desa circunstancia no punto de reunión.
8. A alumna de 3ªA que ten problemas de mobilidade a axudará o profesor/a que nese momento estea con ela ou unha coidadora do centro.

PROHIBICIÓNS durante a evacuación

1. Separarse do grupo evacuado.
2. Deixar ocos nas filas de evacuación.
3. Levar vultos ou similares.
4. Correr.
5. Empuxarse e atropelarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Abandonar os puntos de reunión ata nova orde.

NORMAS XERAIS

1. En xeral, axudarse uns a outros.
2. Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.
3. Dirixir e axudar con especial atención ás persoas con problemas físicos ou intelectuais.
4. Comunicar ao E.A.E. as incidencias observadas na evacuación.
5. Parar e desconectar as máquinas que se estean utilizando.
6. Pechar as fiestras (o alumnado mais próximo a elas) e as portas da aula onde estamos.
7. Unha vez evacuada a planta o xefe a recorrerá e comprobará que non queda ninguén, despois irá ao punto de encontro a reunirse cos seus alumnos.
8. Unha vez cheguemos aos puntos de reunión os membros do E.A.E. preguntarán a cada profesor responsable as incidencias que houbera para despois informar ao Xefe de Emerxencia.

RECREOS:

Evacuación:

Se a alarma ocorre durante o recreo o alumnado deben dirixirse cara os puntos de encontro, os profesores/as que están de garda controlarán aos alumnos neses puntos mentres os profesores/as que están no interior do centro chegan.

O Xefe de intervención ou o Xefe Emerxencia distribuirán ao persoal que estean dispoñibles na zona administrativa para que supervisen o interior do centro co fin de comprobar que non queda ninguén no interior; unha vez terminada a supervisión acudirán aos puntos de encontro.

Confinamento:

Todos os alumnos e o persoal do centro entrará no colexio indo a súa clase para proceder ao confinamento, os profesores de garda nos patios comprobarán, antes de entrar no colexio, que non queda ningún alumno/a no mesmo.

e) Prestación das primeiras axudas.

No caso das emerxencias individuais procederemos da seguinte maneira:

- 1.- Alertar ao profesor mais próximo ao suceso.
- 2.- Procurar os primeiros auxilios ao accidentado.
- 3.- Se non se ten capacidade suficiente para actuar correctamente, darase de forma inmediata a alerta ao membro do Equipo Directivo que se atope de garda o no seu defecto o profesor de garda.
- 4.- Unha vez atendido o ferido, o profesor procederá a avaliar a gravidade do suceso para decidir si é necesario o traslado da persoa accidentada a un Centro Médico, este traslado será sempre mediante un vehículo asistencial e acompañado dun profesor (preferentemente o seu titor, ou no seu defecto un profesor de referencia para o alumno) ou un familiar, avisar a súa familia para que o recolla, o ben despois da cura a súa reincorporación as actividades do Centro.
- 5.- No caso de ter que ser trasladado a un Centro Médico, o profesor titor ou un membro do Equipo Directivo avisará aos familiares do accidentado do seu traslado, indicándolle a situación, o estado e o lugar a onde o levan.
- 6.- En ningún caso o accidentado permanecerá só. No caso de ser un alumno, aínda que se reincorpore a súa aula, é aconsellable que o titor chame por teléfono, fale cos seus responsables legais a saída o envíe unha nota escrita a súa familia explicando o sucedido.
- 7.- Tanto naqueles casos nos que se estableza comunicación telefónica coa familia como nos que non se consiga, no caso de golpes, feridas, contusións de certa importancia que podan complicarse ou poder chegar a precisar atención sanitaria (golpes na cabeza, feridas que podan necesitar curas, torceduras, ...), a titoría ou, en caso de non ser posible, o equipo directivo, dará traslado á familia das actuacións fundamentais feitas nunha notificación por escrito, enviando a inspección educativa por correo electrónico copia tanto deste impreso como o do rexistro do incidente.
- 8.- Os profesores titores terán na aula á vista o listado dos alumnos recollendo os teléfonos de contacto actualizados para avisos de urxencias.

| | | | |
|--|---|--|--|
|  XUNTA DE GALICIA | COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18 |  Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura | Membro de  Escolas Asociadas da UNESCO |
|--|---|--|--|

No centro debe existir ademais das caixas de material de urxencias unha botica portátil para poder ser desprazado ata o accidentado no caso de non ser posible o seu traslado ata un dos existentes.

f) Modos de recepción das axudas externas.

No caso de que teñan que acudir ao centro os responsables legais dun alumno, unha ambulancia ou outros vehículos de emerxencia os recibirá o Xefe de Emerxencias para informarlle da incidencia ou incidencias e pasarlle o mando da situación (no caso dos corpos de seguridade, protección civil ou bombeiros).

Anteriormente o conserxe abrirá as portas exteriores para o paso de vehículos deixando o portal automático bloqueado na máxima apertura, ademais en caso de que sexa necesario abrirá a porta que está situada no paseo de Valle Inclán (cara ao parque de Campolongo).

Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia.

Unha vez que o ordene o Xefe de Emerxencias, realizaranse as chamadas aos Servizos de Axuda Exterior. Como norma xeral e sempre que se necesite avisar a varios Servizos, é recomendable avisar ao teléfono de Emerxencias **112**, xa que, cunha soa chamada, está a avisarse a todos os Servizos necesarios. Noutros casos, pódese chamar ao servizo do que se necesita axuda e, posteriormente, ao **112** por si a emerxencia evoluciona negativamente e é necesaria a participación doutras Axudas Exteriores.

7.2 A coordinación entre a dirección do Plan de Autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Autoprotección.

Os Plans de Autoprotección débense integrar nos Plans de Protección Civil de Ámbito Local.

Os Servizos de Axuda Exterior dos Municipios son, en principio e dependendo da organización de cada Concello, a Policía Local e o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos.

Unha vez que se solicitou axuda aos Servizos de Axuda Exterior, cando cheguen ao establecemento e sexan informados polo Xefe de Emerxencias, e fanse cargo da resolución da emerxencia.

En función da evolución da emerxencia, si fora necesario, o Xefe de Intervención do Servizo de Axuda Exterior Municipal poderá propor á Autoridade Política a activación do Plan de Protección Civil de Ámbito Local.

No caso de activarse o Plan de Protección Civil de Ámbito Local, a Dirección da emerxencia corresponderá ao Director do Plan, xeralmente o Alcalde, Xefe Local de Protección Civil, asistido polo Comité Asesor, e que ten no lugar da emerxencia un Posto de Mando Avanzado, composto polos Xefes de Intervención dos Servizos de Axuda Exterior Municipais.

